**ACTA Nº 10**
**ACTA DA SESIÓN DE DATA 22 DE XANEIRO DE 2026 DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO DE CABO EXTINCIÓN DE INCENDIOS (ACCESO LIBRE) DA O. E. P. DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 POLO PROCEDEMENTO CONCURSO – OPOSICIÓN- Exp. Adm. 46472-220**

Reunidos no despacho da Secretaria do Órgano, sito no soto 1º do Concello de Vigo, sendo as 09,30 horas do 22 de xaneiro de 2026, asisten os seguintes membros do Órgano a efectos de celebrar a sesión do mesmo:

Asisten:

**Dª. Cristina Tapias Bouso,** Enxeñeira industrial no Servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo, na condición de Presidenta titular do órgano de selección.

**Dª. Rosa Ana Garcinuño Barreiro,** Xefa do servizo de seguridade, na condición de Secretaria titular do órgano, actuando con voz e sen voto.

**D. Héctor Soaje Bermúdez,** Cabo xefe saída do servizo de extinción de incendios do Concello de Vigo, na condición de vogal titular 1º.

**D. Francisco Rivero Álvarez**, Cabo xefe saída do servizo de extinción de incendios do Concello de Vigo, na condición de vogal titular 3º.

O Órgano de Selección, por unanimidade, aproba a acta número 9 deste proceso.

Seguidamente, a Secretaria entrega aos membros do Órgano de Selección copia do Informe Xurídico, emitido pola Secretaria e asinado en data 21/01/2026, sobre as reclamación presentadas polos aspirantes ás puntuacións asignadas ao primeiro exercicio, tipo test, da fase de oposición do proceso de concurso-oposición de Cabo Extinción de Incendios acceso libre da O.E.P 2020-2021- 2022 – 2ª Fase do Concello de Vigo (Exp. Adm. 46472-220).

O informe xurídico ten o seguinte tenor literal:

***"(...) ASUNTO: INFORME XURÍDICO DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS POLOS ASPIRANTES ÁS PUNTUACIÓNS ASIGNADAS AO PRIMEIRO EXERCICIO, TIPO TEST, DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO CONCURSO-OPOSICIÓN DE CABO EXTINCIÓN DE INCENDIOS, POLA QUENDA LIBRE, DA O. E. P 2021-2021-2022 - 2ª FASE - DO CONCELLO DE VIGO (EXP. ADM. 46472-220)***

*Dando cumprimento ao disposto na Base Xeral Décimo Oitava (INCIDENCIAS), parágrafo 4º, Bases publicadas no BOPPO nº 107, de 03/06/2024, que rexen o devandito proceso selectivo, emítese o seguinte INFORME XURÍDICO que se eleva ao Órgano de Selección para a súa consideración:*
*Tendo sido publicadas en data 19 de decembro de 2025 na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios as puntuacións provisionais asignadas aos aspirantes polo Órgano de Selección ao primeiro exercicio, tipo tests, da fase de oposición,*
*En primeiro lugar, cómpre puntualizar que o cadro de resposta correctas, publicada na páxina web municipal, baixo o título Proceso selectivo, quenda interna, constitúe un mero erro material, posto que debe entenderse referida ao proceso de acceso libre do Exp. 46472-220.*
*Dentro do prazo legal de tres (3) días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación dos devanditos anuncios, interpuxeron, en tempo e forma, reclamacións en relación coas puntuacións que lles foron provisionalmente asignadas os seguintes aspirantes:*

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 29/01/2026 11:28 | Páxina 1 de 15 |
| 3523-232 | CSV: AFB4A5-A44EA2-ABCD26-9CXVWM-HKD9LR-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- *ROSENDE SAEZ, MARCOS ( DNI 440***15D), ID 103490:*

*Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Acceso Libre (Exp. Adm 46472-220), Doc. nº 250359569, data presentación reclamación 21/12/2025.*

*- Alega:*

*O aspirante impugna as preguntas núms. 19 e 50.*
*Con relación á pregunta nº 19, o Tribunal considerou correcta a opción de resposta "C", "Equipo de traballo:calquera máquina, aparello, instrumento, persoal ou instalación utilizada no traballo", non obstante, o aspirante manifesta que, considerando o disposto no artigo 29.2 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, que fai referencia ao "empresario" , non ao servizo, débese considerar resposta correcta a opción "D".*
*Con relación á pregunta nº 50, manifesta que segundo a norma UNE EN 1089-3:2011, a cor da oxiva do aire respirable non medicinal debe ser negra ou branca, non facendo referencia a franxa algunha, aplicándose estas cores á parte superior do cilindro (oxiva) como código visual, non tendo o corpo do cilindro unha cor específica obrigatoria. Por tanto, o aspirante solicita que se considere resposta correcta a opción "A" e, no seu defecto, se anule a pregunta nº 50 ocupando o seu lugar a pregunta nº 51 das de reserva.*

*- Motivación da proposta:*
*Con relación á pregunta nº 19, dita pregunta ten o seguinte teor literal:*

> *P. 19.- Segundo o artigo 4 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, ¿cal das seguintes definicións non é certa?*
> *a) Prevención: conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo.*
> *b) Danos derivados do traballo: enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.*
> *c) Equipo de traballo: calquera máquina, aparello, instrumento, persoal ou instalación utilizada no traballo.*
> *d) Risco laboral: posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.*

*Faise necesario reproducir o texto do artigo 4 da Lei de prevención de riscos laborais 31/1995, de 8 de novembro, que di o seguinte:*

> *"A efectos de la presente Ley y de las normas que la desarrollen:*
>
> *1.º Se entenderá por «prevención» el conjunto de actividades o medidas adoptadas o previstas en todas las fases de actividad de la empresa con el fin de evitar o disminuir los riesgos derivados del trabajo.*
>
> *2.º Se entenderá como «riesgo laboral» la posibilidad de que un trabajador sufra un determinado daño derivado del trabajo. Para calificar un riesgo desde el punto de vista de su gravedad, se valorarán conjuntamente la probabilidad de que se produzca el daño y la severidad del mismo.*
>
> *3.º Se considerarán como «daños derivados del trabajo» las enfermedades, patologías o lesiones sufridas con motivo u ocasión del trabajo.*
>
> *4.º Se entenderá como «riesgo laboral grave e inminente» aquel que resulte probable racionalmente que se materialice en un futuro inmediato y pueda suponer un daño grave para la salud de los trabajadores.*
>
> *En el caso de exposición a agentes susceptibles de causar daños graves a la salud de los trabajadores, se considerará que existe un riesgo grave e inminente cuando sea probable racionalmente que se materialice en un futuro inmediato una exposición a dichos agentes de la que puedan derivarse daños graves para la salud, aun cuando éstos no se manifiesten de forma inmediata.*
>
> *5.º Se entenderán como procesos, actividades, operaciones, equipos o productos «potencialmente peligrosos» aquellos que, en ausencia de medidas preventivas específicas, originen riesgos para la seguridad y la salud de los trabajadores que los desarrollan o utilizan.*
>
> *6.º Se entenderá como «equipo de trabajo» cualquier máquina, aparato, instrumento o instalación utilizada en el trabajo.*
>
> *7.º Se entenderá como «condición de trabajo» cualquier característica del mismo que pueda tener una influencia significativa en la generación de riesgos para la seguridad y la salud del trabajador. Quedan específicamente incluidas en esta definición:*
>
> *a) Las características generales de los locales, instalaciones, equipos, productos y demás útiles existentes en el centro de trabajo.*
>
> *b) La naturaleza de los agentes físicos, químicos y biológicos presentes en el ambiente de trabajo y sus correspondientes intensidades, concentraciones o niveles de presencia.*
>
> *c) Los procedimientos para la utilización de los agentes citados anteriormente que influyan en la generación de los riesgos mencionados.*
>
> *d) Todas aquellas otras características del trabajo, incluidas las relativas a su organización y ordenación, que influyan en la magnitud de los riesgos a que esté expuesto el trabajador.*
>
> *8.º Se entenderá por «equipo de protección individual» cualquier equipo destinado a ser llevado o sujetado por el trabajador para que le proteja de uno o varios riesgos que puedan amenazar su seguridad o su salud en el trabajo, así como cualquier complemento o accesorio destinado a tal fin."*

*A pregunta nº 19 do exame pretende que o aspirante conteste cal das definicións* ***non é certa*** *segundo o disposto no artigo 4 da devandita Lei. Deste xeito as opcións de resposta "A", "B" e "D" non son correctas posto que si se corresponden co disposto nos apartados 1º, 3º e 2º do artigo 4. A opción de resposta "C" - Equipo de traballo: calquera máquina, aparello, instrumento, persoal ou instalación utilizada no traballo- non se corresponde co disposto no artigo 4 xa que no apartado 6º do mesmo defínese como equipo de traballo "cualquier máquina, aparato, instrumento o instalación utilizada en el trabajo", e non se fai alusión ao termo "persoal" que si se menciona na opción de resposta "C", por tanto, a opción "C" de resposta, dada polo Tribunal, é correcta.*

*Con relación á pregunta nº 50, dita pregunta ten o seguinte teor literal:*

> *P. 50.- ¿Cal poderá ser a cor dunha botella normalizada que contén aire respirable non medicinal?*
> *a) Oxiva negra e franxa branca, corpo de cor amarela.*
> *b) Oxiva negra e franxa branca, corpo de cor branca.*
> *c) Oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela.*
> *d) Oxiva branca e franxa negra, corpo de cor branca.*

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58

Documento asinado

O Tribunal considerou correcta a opción de resposta "C", oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela.
A norma UNE-EN 1089-3:2011 establece o sistema de codificación por cores para a identificación visual de botellas de gases transportables, entre eles, gases respirables como aire comprimido. A codificación por cores é un método de carácter secundario posto que a identificación principal do contido é a etiqueta co nome do gas e os seus datos obrigatorios. Deste xeito, a parte da botella suxeita a codificación cromática é o hombro ou oxiva, non o corpo completo da botella, non obstante, no corpo da botella será obrigatorio o uso da cor branco se estamos ante gases de uso médico, pero se estamos ante usos diferentes (industrial ou respiración non médica) a cor do corpo non está normalizado, pero non debe utilizarse a cor branca, reservado para usos médicos, a fin de evitar errores ou confusións. Deste xeito, para o aire respirable non medicinal, o hombro debe ir pintado de cor branco (RAL 9010) con franxa negra (RAL 9005).
Polo exposto, a opción de resposta dada polo Órgano de Selección é correcta, "oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela", xa que o enunciado da pregunta di "¿Cal poderá ser?", que é diferente a ¿cal deberá ser?, puidendose usar a cor amarela no corpo ao non estar a cor do corpo normalizada na UNE-EN 1089-3:2011 para aire respirable non medicinal.

- Proposta:

Con relación á pregunta nº 19, proponse desestimar a Reclamación Doc. nº 250359569, presentada por ROSENDE SAEZ, MARCOS ( DNI 440***15D) ID 103490, por canto a resposta correcta é a opción "C", tal e como considerou o Tribunal.

Con relación á pregunta nº 50, proponse desestimar a Reclamación Doc. nº 250359569, presentada por ROSENDE SAEZ, MARCOS ( DNI 440***15D), ID 103490, por canto a resposta correcta é a opción "C", tal e como considerou o Tribunal.

- FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, OSCAR ALBERTO (DNI 335***46J): ID 104966

Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Acceso Libre (Exp. Adm 46472-220), Doc. nº 250362455, data presentación reclamación 23/12/2025.

- Alega:

O aspirante impugna a pregunta núm. 36. O aspirante manifesta que, a opción de resposta "D", dada polo órgano de selección é incorrecta posto que a velocidade da amplitude non é unha magnitude recoñecida na física ondulatoria.

A pregunta nº 36 ten a seguinte redacción:

En todo movemento ondulatorio, podemos distinguir:
a) O ciclo.
b) A velocidade da amplitude.
c) A frecuencia (F).
d) Todas son correctas.

- Proposta:

Con relación a pregunta nº 36, ao tratarse a alegación dun contido de carácter técnico exclusivamente, referido á parte específica do temario, deberán pronunciarse os membros do órgano de selección, Presidenta e mailos tres Vogais, por canto posúen coñecementos técnicos específicos dos que carece a Secretaria (Técnica da Admón. Xeral, asesora xurídica do órgano), sobre a estimación ou desestimación motivada da mesma.

- GÓMEZ ALONSO, JORGE (DNI 355***52E), ID 104514

Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Acceso Libre (Exp. Adm 46472-220), Doc. nº 250362525, data presentación reclamación 23/12/2025.

- Alega:

O aspirante impugna a pregunta núm. 36. Manifesta que existe mais dunha opción de resposta correcta polo que a pregunta non cumpre co principio de resposta única. Solicita a anulación da pregunta.

- Proposta:
Ao tratarse a alegación dun contido de carácter técnico exclusivamente, referido á parte específica do temario, deberán pronunciarse os membros do órgano de selección, Presidenta e mailos tres Vogais, por canto posúen coñecementos técnicos específicos dos que carece a Secretaria (Técnica da Admón. Xeral, asesora xurídica do órgano), sobre a estimación ou desestimación motivada da mesma.

- ESCANEO MACIÑEIRAS, LUCAS (DNI 524***37Q), ID 105525

Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Acceso Libre (Exp. Adm 46472-220), Doc. Nº 250363010, data presentación reclamación 24/12/2025.

- Alega:
O aspirante impugna as preguntas núms. 24, 36 e 50. Con relación á pregunta nº 24, o aspirante manifesta que o Tribunal considerou correcta a opción "C", "aumenta o punto de inflamación", non obstante, considera que esta resposta é incompleta e tecnicamente cuestionable, xa que ao non definirse as condicións do sistema, considera que tanto a opción "B" como "C" son válidas polo que solicita sexa anulada a pregunta nº 24.
A pregunta nº 24 ten a seguinte redacción:

¿Que implica un aumento de presión nun líquido inflamable?
a) Non afecta en nada.
d) Diminúe o punto de inflamación.
c) Aumenta o punto de inflamación.
d) Non afecta o rango de inflamación.

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58
Documento asinado

*Con relación á pregunta nº 36, o aspirante manifesta non estar de acordo coa opción que o Tribunal considerou correcta, a opción "C" - A frecuencia -. Entende que a opción de resposta correcta debe ser a "D".*

*A pregunta nº 36 ten a seguinte redacción:*

> *En todo movemento ondulatorio, podemos distinguir:*
> *a) O ciclo.*
> *b) A velocidade da amplitude.*
> *c) A frecuencia (F).*
> *d) Todas son correctas.*

*Con relación á pregunta nº 50, o aspirante manifesta non estar de acordo coa opción que o Tribunal considerou correcta, a opción "C". Solicita sexa anulada esta pregunta por canto segundo establece o Real Decreto 337/2014 (ITC EP-6) e a norma UNE-EN-1089-3, a descrición franxa negra é tecnicamente incorrecta xa que a norma establece que a identificación do aire respirable faise mediante os cores negro e branco dispostos a cuarteiróns.*

*- Motivación:*

*O Tribunal considerou correcta a opción de resposta "C", oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela. A norma UNE-EN 1089-3:2011 establece o sistema de codificación por cores para a identificación visual de botellas de gases transportables, entre eles, gases respirables como aire comprimido. A codificación por cores é un método de carácter secundario posto que a identificación principal do contido é a etiqueta co nome do gas e os seus datos obrigatorios. Deste xeito, a parte da botella suxeita a codificación cromática é o hombro ou oxiva, non o corpo completo da botella, non obstante, no corpo da botella será obrigatorio o uso da cor branco se estamos ante gases de uso médico, pero se estamos ante usos diferentes (industrial ou respiración non médica) a cor do corpo non está normalizado, pero non debe utilizarse a cor branca, reservado para usos médicos, a fin de evitar errores ou confusións. Deste xeito, para o aire respirable non medicinal, o hombro debe ir pintado de cor branco (RAL 9010) con franxa negra (RAL 9005).*

*Polo exposto, a opción de resposta dada polo Órgano de Selección é correcta, "oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela", xa que o enunciado da pregunta di "¿Cal poderá ser?", que é diferente a ¿cal deberá ser?, puidendose usar a cor amarela no corpo ao non estar a cor do corpo normalizada na UNE-EN 1089-3:2011 para aire respirable non medicinal.*

*- Proposta:*

*Con relación ás preguntas nº 24, 36 ao tratarse a alegación dun contido de carácter técnico exclusivamente, referido á parte específica do temario, deberán pronunciarse os membros do órgano de selección, Presidenta e mailos tres Vogais, por canto posúen coñecementos técnicos específicos dos que carece a Secretaria (Técnica da Admón. Xeral, asesora xurídica do órgano), sobre a estimación ou desestimación motivada da mesma.*

*Con relación á pregunta nº 50, proponse desestimar a Reclamación Doc. nº 250363010, presentada por ESCANEO MACIÑEIRAS, LUCAS (DNI 524***37Q), ID 105525, por canto a resposta correcta é a opción "C", tal e como considerou o Tribunal.*

- *GARCÍA ALONSO, ÁLVARO (DNI 531***67T), ID 104740*

<u>*Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Acceso Libre (Exp. Adm 46472-220), Doc. Nº 250362933, data presentación reclamación 24/12/2025.*</u>

*- Alega:*

*O aspirante impugna as preguntas núms. 1, 11, 42, 49 e 50.*
*Con relación á pregunta nº 1, o aspirante manifesta que a opción de resposta "A" para considerarse correcta debería conter a expresión "previa resolución", xa que non se pode ter por desistido da súa petición a un interesado se non se dita resolución previa. Entende que a resposta "A" é incompleta e debe ser anulada a pregunta nº 1.*

*Con relación á pregunta nº 11, o aspirante manifesta que a opción de resposta dada polo tribunal "A", sería válida como norma xeral do CTE-DB-SI, código que considera non rexe para edificios industriais que se ven afectados polo R.D 164/2025, de 4 de marzo. Entende que a clasificación do risco e o tipo de edificio son os parámetros que deben regular a sectorización.*

*Con relación á pregunta nº 42, o aspirante manifesta que a opción de resposta dada polo tribunal "C" non é correcta posto que, entende, debe ser a opción "A", xa que o enunciado da pregunta fala de forma xenérica dos circuítos interiores.*

*Con relación á pregunta nº 49, o aspirante manifesta que devandita pregunta refírese a unha técnica de excarcelamento e considera que non existe unha norma determinada que regule e estandarice o xeito de realizar esta concreta manobra de excarcelación, polo que solicita a anulación da pregunta nº 49 e a súa substitución por unha pregunta das de reserva.*

*Con relación á pregunta nº 50, o aspirante manifesta que a opción de resposta dada polo Tribunal "50.C" non é correcta xa que o corpo amarelo úsase para outros gases. Solicita sexa anulada a pregunta nº 50 e se substitúa por unha das de reserva.*

*- Motivación:*
*Con relación á pregunta nº 1, esta pregunta ten a seguinte redacción:*

> *"Se a solicitude de iniciación dun procedemento non reúne os requisitos que sinala a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, requirirase ao interesado para que:*
> *a) Nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición.*
> *b) Nun prazo de 10 días naturais, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición.*
> *c) Nun prazo de 10 días hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición.*

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58

Documento asinado

*d) Nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desestimada da súa petición.*

*O tribunal considerou correcta a opción de resposta "A", "nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición".*

*A resposta a esta pregunta nº 1 está directamente vinculada ao artigo 30.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, que regula o computo de prazos no procedemento administrativo. O apartado 2º do artigo 30 establece que "siempre que por Ley o en el Derecho de la Unión Europea no se exprese otro cómputo, cuando los plazos se señalen por días, se entiende que éstos son hábiles, excluyéndose del cómputo los sábados, los domingos y los declarados festivos. Cuando los plazos se hayan señalado por días naturales por declararlo así una ley o por el Derecho de la Unión Europea, se hará constar esta circunstancia en las correspondientes notificaciones."*
*Visto o disposto no artigo 30.2 da Lei 39/2015, a opción B" no é válida xa que fala de 10 días naturais, a opción "C" tampouco é válida xa que non exclúe do cómputo os sábados, e a opción "D" tampouco é válida, xa que contempla como consecuencia a desestimación da petición cando o correcto, segundo o artigo 68.1, é o desestimento. En consecuencia, tan só existe unha resposta correcta sendo esta a opción "A".*

*Con relación á pregunta nº 11, esta pregunta ten a seguinte redacción:*

*Segundo o CTE-DB-SI, ¿cando é obrigatoria a sectorización nun edificio de uso industrial?*
*a) Superficie > 10.000 m²*
*b) Risco baixo*
*c) Unha soa planta*
*d) Altura < 10 m*
*O tribunal considerou correcta a opción "A" .*

*Con relación á pregunta nº 42, esta pregunta ten a seguinte redacción:*

*¿Que mecanismo de protección e control dos circuítos interiores protexe contra a sobrecarga e os curtocircuítos?*
*a) Os IGA*
*b) Os Pias e IDE*
*c) Os IGA e os Pias*
*d) Os IDE*

*Con relación á pregunta nº 49, esta pregunta ten a seguinte redacción:*

*Se un condutor está atrapado nun vehículo e quixésemos elevar o cadro de mandos, onde se fará o corte coa cizalla unha vez quitado o teito?*
*a) Na base do piar A, dous cortes separados uns 30 cm*
*b) Un corte na base do piar A*
*c) Non fará falta ningún corte*
*d) No limiar entre o montante A e o B, bastante máis preto do A*

*A opción de resposta dada polo tribunal é "A".*

*Con relación á pregunta nº 50, o Tribunal considerou correcta a opción de resposta "C", oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela.*
*A norma UNE-EN 1089-3:2011 establece o sistema de codificación por cores para a identificación visual de botellas de gases transportables, entre eles, gases respirables como aire comprimido. A codificación por cores é un método de carácter secundario posto que a identificación principal do contido é a etiqueta co nome do gas e os seus datos obrigatorios. Deste xeito, a parte da botella suxeita a codificación cromática é o hombro ou oxiva, non o corpo completo da botella, non obstante, no corpo da botella será obrigatorio o uso da cor branco se estamos ante gases de uso médico, pero se estamos ante usos diferentes (industrial ou respiración non médica) a cor do corpo non está normalizado, pero non debe utilizarse a cor branca, reservado para usos médicos, a fin de evitar errores ou confusións. Deste xeito, para o aire respirable non medicinal, o hombro debe ir pintado de cor branco (RAL 9010) con franxa negra (RAL 9005).*

*Polo exposto, a opción de resposta dada polo Órgano de Selección é correcta, "oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela", xa que o enunciado da pregunta di "¿Cal poderá ser?", que é diferente a ¿cal deberá ser?, puidendose usar a cor amarela no corpo ao non estar a cor do corpo normalizada na UNE-EN 1089-3:2011 para aire respirable non medicinal.*

*- Proposta:*

*Con relación á pregunta nº 1 e 50, proponse a desestimación da reclamación de GARCÍA ALONSO, ÁLVARO (DNI 531***67T), ID 104740, Doc. Nº 250362933, data presentación reclamación 24/12/2025.*

*Con relación á pregunta nº 11, 42 e 49 ao tratarse a alegación dun contido de carácter técnico exclusivamente, referido á parte específica do temario, deberán pronunciarse os membros do órgano de selección, Presidenta e mailos tres Vogais, por canto posúen coñecementos técnicos específicos dos que carece a Secretaria (Técnica da Admón. Xeral, asesora xurídica do órgano), sobre a estimación ou desestimación motivada da mesma.*

- *POSE DOMÍNGUEZ, DAVID MANUEL (DNI 332***73D): ID 104162*

*Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Acceso Libre (Exp. Adm 46472-220), Doc. Nº 25036019, data presentación reclamación 24/12/2025.*

*- Alega:*

*O aspirante impugna a pregunta nº 1. Considera que esta pregunta debe ser anulada por existir dúas respostas válidas, "A" e "C".*

*- Motivación:*

*Con relación á pregunta nº 1, esta pregunta ten a seguinte redacción:*

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58

Documento asinado

*"Se a solicitude de iniciación dun procedemento non reúne os requisitos que sinala a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, requirirase ao interesado para que:*
*a) Nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición.*
*b) Nun prazo de 10 días naturais, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición.*
*c) Nun prazo de 10 días hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición.*
*d) Nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desestimada da súa petición.*

*O tribunal considerou correcta a opción de resposta "A", "nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición".*
*A resposta a esta pregunta nº 1 está directamente vinculada ao artigo 30.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, que regula o computo de prazos no procedemento administrativo. O apartado 2º do artigo 30 establece que "siempre que por Ley o en el Derecho de la Unión Europea no se exprese otro cómputo, cuando los plazos se señalen por días, se entiende que éstos son* ***hábiles, excluyéndose del cómputo los sábados, los domingos y los declarados festivos.*** *Cuando los plazos se hayan señalado por días naturales por declararlo así una ley o por el Derecho de la Unión Europea, se hará constar esta circunstancia en las correspondientes notificaciones."*

*Visto o disposto no artigo 30.2 da Lei 39/2015, a opción B" no é válida xa que fala de 10 días naturais, a opción "C" tampouco é válida xa que non exclúe do cómputo os sábados, e a opción "D" tampouco é válida, xa que contempla como consecuencia a desestimación da petición cando o correcto, segundo o artigo 68.1, é o desestimento. En consecuencia, tan só existe unha resposta correcta sendo esta a "A".*

*- Proposta:*

*Con relación á pregunta nº 1, proponse a desestimación da reclamación de POSE DOMÍNGUEZ, DAVID MANUEL (DNI 332***73D), ID 104162, Doc. Nº 25036019, data presentación reclamación 24/12/2025 (...)".*

---

O Órgano de Selección da lectura ao Informe Xurídico e as reclamacións presentadas, adoptando o seguinte **ACORDO** polos motivos que se expresan a continuación.

- **ROSENDE SAEZ, MARCOS ( DNI 440***15D), ID 103490:**

Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Acceso Libre (Exp. Adm 46472-220), Doc. nº 250359569, data presentación reclamación 21/12/2025.

- Alega: O aspirante impugna as preguntas núms. 19 e 50.

Con relación á pregunta nº 19, o Tribunal considerou correcta a opción de resposta "C", "*Equipo de traballo: calquera máquina, aparello, instrumento, persoal ou instalación utilizada no traballo*", non obstante, o aspirante manifesta que, considerando o disposto no artigo 29.2 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, que fai referencia ao empresario, non ao servizo, débese considerar resposta correcta a opción "D".

Con relación á pregunta nº 50, manifesta que segundo a norma UNE EN 1089-3:2011, a cor da oxiva do aire respirable non medicinal debe ser negra ou branca, non facendo referencia a franxa algunha, aplicándose estas cores á parte superior do cilindro (oxiva) como código visual, non tendo o corpo do cilindro unha cor específica obrigatoria. Por tanto, o aspirante solicita que se considere resposta correcta a opción "A" e, no seu defecto, se anule a pregunta nº 50 ocupando o seu lugar a pregunta nº 51 das de reserva.

- Motivación do acordo:

Con relación á pregunta nº 19, dita pregunta ten o seguinte teor literal:

*Segundo o artigo 4 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, ¿cal das seguintes definicións non é certa?*
*a) Prevención: conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo.*
*b) Danos derivados do traballo: enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.*

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58
Documento asinado

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58
Documento asinado

> *c) Equipo de traballo: calquera máquina, aparello, instrumento, persoal ou instalación utilizada no traballo.*
> *d) Risco laboral: posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.*

Faise necesario reproducir o texto do artigo 4 da Lei de prevención de riscos laborais 31/1995, de 8 de novembro, que di o seguinte:

> *"A efectos de la presente Ley y de las normas que la desarrollen:*
>
> *1.º Se entenderá por «prevención» el conjunto de actividades o medidas adoptadas o previstas en todas las fases de actividad de la empresa con el fin de evitar o disminuir los riesgos derivados del trabajo.*
>
> *2.º Se entenderá como «riesgo laboral» la posibilidad de que un trabajador sufra un determinado daño derivado del trabajo. Para calificar un riesgo desde el punto de vista de su gravedad, se valorarán conjuntamente la probabilidad de que se produzca el daño y la severidad del mismo.*
>
> *3.º Se considerarán como «daños derivados del trabajo» las enfermedades, patologías o lesiones sufridas con motivo u ocasión del trabajo.*
>
> *4.º Se entenderá como «riesgo laboral grave e inminente» aquel que resulte probable racionalmente que se materialice en un futuro inmediato y pueda suponer un daño grave para la salud de los trabajadores.*
>
> *En el caso de exposición a agentes susceptibles de causar daños graves a la salud de los trabajadores, se considerará que existe un riesgo grave e inminente cuando sea probable racionalmente que se materialice en un futuro inmediato una exposición a dichos agentes de la que puedan derivarse daños graves para la salud, aun cuando éstos no se manifiesten de forma inmediata.*
>
> *5.º Se entenderán como procesos, actividades, operaciones, equipos o productos «potencialmente peligrosos» aquellos que, en ausencia de medidas preventivas específicas, originen riesgos para la seguridad y la salud de los trabajadores que los desarrollan o utilizan.*
>
> *6.º Se entenderá como «equipo de trabajo» cualquier máquina, aparato, instrumento o instalación utilizada en el trabajo.*
>
> *7.º Se entenderá como «condición de trabajo» cualquier característica del mismo que pueda tener una influencia significativa en la generación de riesgos para la seguridad y la salud del trabajador. Quedan específicamente incluidas en esta definición:*
>
> *a) Las características generales de los locales, instalaciones, equipos, productos y demás útiles existentes en el centro de trabajo.*
>
> *b) La naturaleza de los agentes físicos, químicos y biológicos presentes en el ambiente de trabajo y sus correspondientes intensidades, concentraciones o niveles de presencia.*
>
> *c) Los procedimientos para la utilización de los agentes citados anteriormente que influyan en la generación de los riesgos mencionados.*
>
> *d) Todas aquellas otras características del trabajo, incluidas las relativas a su organización y ordenación, que influyan en la magnitud de los riesgos a que esté expuesto el trabajador.*
>
> *8.º Se entenderá por «equipo de protección individual» cualquier equipo destinado a ser llevado o sujetado por el trabajador para que le proteja de uno o varios riesgos que puedan amenazar su seguridad o su salud en el trabajo, así como cualquier complemento o accesorio destinado a tal fin."*

A pregunta nº 19 do exame pretende que o aspirante conteste cal das definicións **non é certa** segundo o disposto no artigo 4 da devandita Lei. Deste xeito as opcións de resposta "A", "B" e "D" non son correctas posto que si se corresponden co disposto nos apartados 1º, 3º e 2º do artigo 4. A opción de resposta "C" - *Equipo de traballo: calquera máquina, aparello, instrumento, persoal ou instalación utilizada no traballo*- non se corresponde co disposto no artigo 4 xa que no apartado 6º do mesmo defínese como equipo de traballo "*cualquier máquina, aparato, instrumento o instalación utilizada en el trabajo*", e non se fai alusión ao termo

"*persoal*" que si se menciona na opción de resposta "C", por tanto, a opción "C" de resposta, dada polo Tribunal, é correcta.

Con relación á pregunta nº 50, dita pregunta ten o seguinte teor literal:

*¿Cal poderá ser a cor dunha botella normalizada que contén aire respirable non medicinal?*
*a) Oxiva negra e franxa branca, corpo de cor amarela.*
*b) Oxiva negra e franxa branca, corpo de cor branca.*
*c) Oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela.*
*d) Oxiva branca e franxa negra, corpo de cor branca.*

O Tribunal considera correcta a opción de resposta "C", oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela.
A norma UNE-EN 1089-3:2011 establece o sistema de codificación por cores para a identificación visual de botellas de gases transportables, entre eles, gases respirables como aire comprimido. A codificación por cores é un método de carácter secundario posto que a identificación principal do contido é a etiqueta co nome do gas e os seus datos obrigatorios. Deste xeito, a parte da botella suxeita a codificación cromática é o hombro ou oxiva, non o corpo completo da botella, non obstante, no corpo da botella será obrigatorio o uso da cor branco se estamos ante gases de uso médico, pero se estamos ante usos diferentes (industrial ou respiración non médica) a cor do corpo non está normalizado, pero non debe utilizarse a cor branca, reservado para usos médicos, a fin de evitar errores ou confusións. Deste xeito, para o aire respirable non medicinal, o hombro debe ir pintado de cor branco (RAL 9010) con franxa negra (RAL 9005).

Polo exposto, a opción de resposta dada polo Órgano de Selección é correcta, "oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela", xa que o enunciado da pregunta di "¿Cal poderá ser?", que é diferente a ¿cal deberá ser?, puidendose usar a cor amarela no corpo ao non estar a cor do corpo normalizada na UNE-EN 1089-3:2011 para aire respirable non medicinal.

- ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN:

Desestimar a Reclamación Doc. nº 250359569, presentada por ROSENDE SAEZ, MARCOS (DNI 440***15D) ID 103490.

- **FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, OSCAR ALBERTO (DNI 335***46J): ID 104966**

Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Acceso Libre (Exp. Adm 46472-220), Doc. nº 250362455, data presentación reclamación 23/12/2025.

- Alega:

O aspirante impugna a pregunta núm. 36. O aspirante manifesta que, a opción de resposta "D", dada polo órgano de selección é incorrecta posto que a velocidade da amplitude non é unha magnitude recoñecida na física ondulatoria.

A pregunta nº 36 ten a seguinte redacción:

*En todo movemento ondulatorio, podemos distinguir:*
*a) O ciclo.*
*b) A velocidade da amplitude.*
*c) A frecuencia (F).*
*d) Todas son correctas.*

- Motivación do acordo:

Con relación a pregunta nº 36, cómpre sinalar que a opción de resposta dada polo órgano de selección non é a opción "D", tal e como manifesta o aspirante, senón a "C" -*Frecuencia*-.

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58

Documento asinado

A opción “A”- Ciclo- non é correcta xa que non todo movemento ondulatorio ten por que ser periódico e o concepto de ciclo só existe en ondas periódicas. O ciclo é unha repetición completa de movemento e para que exista ciclo, a onda debe ser periódica. Existen ondas non periódicas, como pode ser unha onda de choque. Nestes casos non hai ciclos, tan só unha perturbación que se propaga.

A opción “B” non é correcta xa que a amplitude non ten velocidade, é un erro conceptual. A amplitude é unha magnitude e mídese en metros, non en m/s. Pola contra, a velocidade é unha taxa de cambio no tempo (m/s) e só ten sentido para algo que se despraza. A magnitude non se move, polo que non pode ter velocidade.

Polo exposto, a opción de resposta correcta é a “C”, tal e como considerou o tribunal.

- ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN:

Desestimar a Reclamación Doc. nº 250362455 presentada por FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, OSCAR ALBERTO (DNI 335***46J) ID 104966, en data 23/12/2025.

- **GÓMEZ ALONSO, JORGE (DNI 355***52E), ID 104514**

<u>Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Acceso Libre (Exp. Adm 46472-220), Doc. nº 250362525, data presentación reclamación 23/12/2025.</u>

- Alega:

O aspirante impugna a pregunta núm. 36. Manifesta que existe mais dunha opción de resposta correcta polo que a pregunta non cumpre co principio de resposta única. Solicita a súa anulación.

- Motivación do acordo:

Con relación a pregunta nº 36, cómpre sinalar que a opción de resposta dada polo órgano de selección é a “C” -*Frecuencia*-. A opción “A”- Ciclo- non é correcta xa que non todo movemento ondulatorio ten por que ser periódico e o concepto de ciclo só existe en ondas periódicas. O ciclo é unha repetición completa de movemento e para que exista ciclo, a onda debe ser periódica. Existen ondas non periódicas, como pode ser unha onda de choque. Nestes casos non hai ciclos, tan só unha perturbación que se propaga. A opción “B” non é correcta xa que a amplitude non ten velocidade, é un erro conceptual. A amplitude é unha magnitude e mídese en metros, non en m/s. Pola contra, a velocidade é unha taxa de cambio no tempo (m/s) e só ten sentido para algo que se despraza. A magnitude non se move, polo que non pode ter velocidade. Polo exposto, a opción de resposta correcta é a “C”, tal e como considerou o tribunal.

- ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN:

Desestimar a Reclamación Doc. nº 250362525 presentada por GÓMEZ ALONSO, JORGE (DNI 355***52E), ID 104514, en data 23/12/2025.

- **ESCANEO MACIÑEIRAS, LUCAS (DNI 524***37Q), ID 105525**

<u>Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Acceso Libre (Exp. Adm 46472-220), Doc. Nº 250363010, data presentación reclamación 24/12/2025.</u>

- Alega:

O aspirante impugna as preguntas núms. 24, 36 e 50.

Con relación á pregunta nº 24, o aspirante manifesta que o Tribunal considerou correcta a opción “C”, “*aumenta o punto de inflamación*”, non obstante, considera que esta resposta é incompleta e tecnicamente cuestionable, xa que ao non definirse as condicións do sistema, considera que tanto a opción “B” como “C” son válidas polo que solicita sexa anulada a pregunta nº 24.

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58

Documento asinado

A pregunta nº 24 ten a seguinte redacción:

*¿Que implica un aumento de presión nun líquido inflamable?*
*a) Non afecta en nada.*
*b) Diminúe o punto de inflamación.*
*c) Aumenta o punto de inflamación.*
*d) Non afecta o rango de inflamación.*

Con relación á pregunta nº 36, o aspirante manifesta non estar de acordo coa opción que o Tribunal considerou correcta, a opción "C" - *A frecuencia* -. Entende que a opción de resposta correcta debe ser a "D".

A pregunta nº 36 ten a seguinte redacción:

*En todo movemento ondulatorio, podemos distinguir:*
*a) O ciclo.*
*b) A velocidade da amplitude.*
*c) A frecuencia (F).*
*d) Todas son correctas.*

Con relación á pregunta nº 50, o aspirante manifesta non estar de acordo coa opción que o Tribunal considerou correcta, a opción "C". Solicita sexa anulada esta pregunta por canto segundo establece o Real Decreto 337/2014 (ITC EP-6) e a norma UNE-EN-1089-3, a descrición franxa negra é tecnicamente incorrecta xa que a norma establece que a identificación do aire respirable faise mediante os cores negro e branco dispostos a cuarteiróns.

- Motivación do acordo:

Con relación á pregunta nº 24, o Tribunal considerou correcta a opción "C" xa que ao aumentar a presión o líquido evapora menos posto que hai menos vapores inflamables no aire, e necesítase unha temperatura mais alta para poida inflamarse. Por iso, o punto de inflamación sube.

A resposta 24.B non é correcta xa que a maior presión, menor evaporación e aumenta o punto de inflamación. E a menor presión, maior evaporación e menor o punto de inflamación.

Con relación á pregunta nº 36, cómpre sinalar que a opción de resposta dada polo órgano de selección é "C" - *Frecuencia*-. A opción "A"- Ciclo- non é correcta xa que non todo movemento ondulatorio ten por que ser periódico e o concepto de ciclo só existe en ondas periódicas. O ciclo é unha repetición completa de movemento e para que exista ciclo, a onda debe ser periódica. Existen ondas non periódicas, como pode ser unha onda de choque. Nestes casos non hai ciclos, tan só unha perturbación que se propaga. A opción "B" non é correcta xa que a amplitude non ten velocidade, é un erro conceptual. A amplitude é unha magnitude e mídese en metros, non en m/s. Pola contra, a velocidade é unha taxa de cambio no tempo (m/s) e só ten sentido para algo que se despraza. A magnitude non se move, polo que non pode ter velocidade. Polo exposto, a opción de resposta correcta é a "C", tal e como considerou o tribunal.

Con relación á pregunta nº 50, O Tribunal considerou correcta a opción de resposta "C", oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela. A norma UNE-EN 1089-3:2011 establece o sistema de codificación por cores para a identificación visual de botellas de gases transportables, entre eles, gases respirables como aire comprimido. A codificación por cores é un método de carácter secundario posto que a identificación principal do contido é a etiqueta co nome do gas e os seus datos obrigatorios. Deste xeito, a parte da botella suxeita a codificación cromática é o hombro ou oxiva, non o corpo completo da botella, non obstante, no corpo da botella será obrigatorio o uso da cor branco se estamos ante gases de uso médico, pero se estamos ante usos diferentes (industrial ou respiración non médica) a cor do corpo non está normalizado, pero non debe utilizarse a cor branca, reservado para usos médicos, a fin de evitar errores ou confusións. Deste xeito, para o aire respirable non medicinal, o hombro debe ir pintado de cor branco (RAL 9010) con franxa negra (RAL 9005).

Polo exposto, a opción de resposta dada polo Órgano de Selección é correcta, "oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela", xa que o enunciado da pregunta di "¿Cal poderá ser?", que é diferente a ¿cal deberá

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58

Documento asinado

ser?, puidendose usar a cor amarela no corpo ao non estar a cor do corpo normalizada na UNE-EN 1089-3:2011 para aire respirable non medicinal.

- ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN:

Desestimar a Reclamación Doc. nº 250363010, presentada por ESCANEO MACIÑEIRAS, LUCAS (DNI 524***37Q) ID 105525.

- **GARCÍA ALONSO, ÁLVARO (DNI 531***67T), ID 104740**

Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Acceso Libre (Exp. Adm 46472-220), Doc. Nº 250362933, data presentación reclamación 24/12/2025.

- Alega:

O aspirante impugna as preguntas núms. 1, 11, 42, 49 e 50.
Con relación á pregunta nº 1, o aspirante manifesta que a opción de resposta "A" para considerarse correcta debería conter a expresión "*previa resolución*", xa que non se pode ter por desistido da súa petición a un interesado se non se dita resolución previa. Entende que a resposta "A" é incompleta e debe ser anulada a pregunta nº 1.

Con relación á pregunta nº 11, o aspirante manifesta que a opción de resposta dada polo tribunal "A", sería válida como norma xeral do CTE-DB-SI, código que considera non rexe para edificios industriais que se ven afectados polo R.D 164/2025, de 4 de marzo. Entende que a clasificación do risco e o tipo de edificio son os parámetros que deben regular a sectorización.

Con relación á pregunta nº 42, o aspirante manifesta que a opción de resposta dada polo tribunal "C" non é correcta posto que, entende, debe ser a opción "A", xa que o enunciado da pregunta fala de forma xenérica dos circuítos interiores.

Con relación á pregunta nº 49, o aspirante manifesta que devandita pregunta refírese a unha técnica de excarcelamento e considera que non existe unha norma determinada que regule e estandarice o xeito de realizar esta concreta manobra de excarcelación, polo que solicita a anulación da pregunta nº 49 e a súa substitución por unha pregunta das de reserva.

Con relación á pregunta nº 50, o aspirante manifesta que a opción de resposta dada polo Tribunal "50.C" non é correcta xa que o corpo amarelo úsase para outros gases. Solicita sexa anulada a pregunta nº 50 e se substitúa por unha das de reserva.

- Motivación do acordo:
A pregunta nº 1, esta pregunta ten a seguinte redacción:

> *"Se a solicitude de iniciación dun procedemento non reúne os requisitos que sinala a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, requirirase ao interesado para que:*
> *a) Nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición.*
> *b) Nun prazo de 10 días naturais, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición.*
> *c) Nun prazo de 10 días hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición.*
> *d) Nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desestimada da súa petició*n.

O tribunal considerou correcta a opción de resposta "A", "*nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa*

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58

Documento asinado

*petición*". A resposta a esta pregunta nº 1 está directamente vinculada ao artigo 30.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, que regula o computo de prazos no procedemento administrativo. O apartado 2º do artigo 30 establece que "siempre que por Ley o en el Derecho de la Unión Europea no se exprese otro cómputo, cuando los plazos se señalen por días, se entiende que éstos son hábiles, excluyéndose del cómputo los sábados, los domingos y los declarados festivos. Cuando los plazos se hayan señalado por días naturales por declararlo así una ley o por el Derecho de la Unión Europea, se hará constar esta circunstancia en las correspondientes notificaciones." Visto o disposto no artigo 30.2 da Lei 39/2015, a opción B" no é válida xa que fala de 10 días naturais, a opción "C" tampouco é válida xa que non exclúe do cómputo os sábados, e a opción "D" tampouco é válida, xa que contempla como consecuencia a desestimación da petición cando o correcto, segundo o artigo 68.1, é o desestimento. En consecuencia, tan só existe unha resposta correcta sendo esta a opción "A".

Con relación á pregunta nº 11, o tribunal considerou correcta a opción "A". Esta pregunta ten a seguinte redacción:

*Segundo o CTE-DB-SI, ¿cando é obrigatoria a sectorización nun edificio de uso industrial?*
*a) Superficie > 10.000 m²*
*b) Risco baixo*
*c) Unha soa planta*
*d) Altura < 10 m*

O enunciado da pregunta nº 11 dí "*segundo o CTE-DB-SI*", e consecuentemente segundo o CTE BD—SI (Propagación interior), nos edificios de uso industrial a sectorización (compartimentación en sectores de incendio) é obrigatoria cando a superficie construída supera determinados límites, sendo un dos mais relevantes 10.000 m2. A normativa fixa superficies máximas dos sectores de incendio para limitala propagación do fogo, facilitala evacuación e mellorar a eficacia da intervención dos bombeiros, cando se supera ese umbral, o edificio debe dividirse en varios sectores de incendio. Deste xeito, a opción "A" é correcta xa que é a única que coincide cun criterio normativo directa do CTE-DB-SI para esixir sectorización en edificios industriais. Na CTE-DB-SI, Sección SI 1.1- Propagación Interior, apartado 1 "Compartimentación en sectores de incendio", Táboa 1.1 "superficie máxima de los sectores de incendio". Nesa táboa, establécese que, para uso industrial, cando a superficie construída supera os 10.000 m2, o edificio debe compartimentarse en sectores de incendio, o que fai obrigatoria a sectorización. En conclusión, a resposta correcta é 11.A.

Con relación á pregunta nº 42, o tribunal considerou correcta a opción "C" xa que é mais completa que a opción "A". Esta pregunta ten a seguinte redacción:

*¿Que mecanismo de protección e control dos circuítos interiores protexe contra a sobrecarga e os curtocircuítos?*
*a) Os IGA*
*b) Os Pias e IDE*
*c) Os IGA e os Pias*
*d) Os IDE*

Certamente tanto os IGA (Interruptor Xeral Automático- protexe o conxunto da instalación) como as PIAs (Pequenos Interruptores Automáticos- protexe cada circuíto interior) protexen fronte a sobrecarga e os curtocircuítos. O IDE (diferencial) non protexe contra eses efectos, tan só contra fugas a terra. Deste xeito, a opción "C" é a resposta mais completa, así a opción "A" é correcta pero incompleta.

Con relación á pregunta nº 49, esta pregunta ten a seguinte redacción:

*Se un condutor está atrapado nun vehículo e quixésemos elevar o cadro de mandos, ¿onde se fará o corte coa cizalla unha vez quitado o teito?*
*a) Na base do piar A, dous cortes separados uns 30 cm*
*b) Un corte na base do piar A*
*c) Non fará falta ningún corte*
*d) No limiar entre o montante A e o B, bastante máis preto do A*

A opción de resposta dada polo tribunal é "49.A". A pregunta nº 49 é moi concreta, pídeselle ao aspirante que resposte algo moi concreto, posto que se lle plantexa unha situación de excarcelación onde quérese elevalo

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58
Documento asinado

cadro de mandos, unha vez quitado o teito do vehículo, e deberase facer empregando unha cizalla. Polo tanto non ten cabida o que manifesta o aspirante de que existen moitas formas de realizala técnica de excarcelación e que é posible realizala sen quitalo teito, utilizando o RAM. Por suposto, que é posible pero esa non é a situación plantexada polo Tribunal.

Con relación á pregunta nº 50, o Tribunal considerou correcta a opción de resposta "C", oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela. A norma UNE-EN 1089-3:2011 establece o sistema de codificación por cores para a identificación visual de botellas de gases transportables, entre eles, gases respirables como aire comprimido. A codificación por cores é un método de carácter secundario posto que a identificación principal do contido é a etiqueta co nome do gas e os seus datos obrigatorios. Deste xeito, a parte da botella suxeita a codificación cromática é o hombro ou oxiva, non o corpo completo da botella, non obstante, no corpo da botella será obrigatorio o uso da cor branco se estamos ante gases de uso médico, pero se estamos ante usos diferentes (industrial ou respiración non médica) a cor do corpo non está normalizado, pero non debe utilizarse a cor branca, reservado para usos médicos, a fin de evitar errores ou confusións. Deste xeito, para o aire respirable non medicinal, o hombro debe ir pintado de cor branco (RAL 9010) con franxa negra (RAL 9005).

Polo exposto, a opción de resposta dada polo Órgano de Selección 50.C é correcta, "*oxiva branca e franxa negra, corpo de cor amarela*", xa que o enunciado da pregunta di "*¿Cal poderá ser*?", que é diferente a ¿cal deberá ser?, puidendose usar a cor amarela no corpo ao non estar a cor do corpo normalizada na UNE-EN 1089-3:2011 para aire respirable non medicinal.

- ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN:

Desestimación íntegra da reclamación de GARCÍA ALONSO, ÁLVARO (DNI 531***67T), ID 104740, Doc. Nº 250362933, data presentación reclamación 24/12/2025.

- **POSE DOMÍNGUEZ, DAVID MANUEL (DNI 332***73D): ID 104162**

<u>Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Acceso Libre (Exp. Adm 46472-220), Doc. Nº 25036019, data presentación reclamación 24/12/2025.</u>

- Alega:
O aspirante impugna a pregunta nº 1. Considera que esta pregunta debe ser anulada por existir dúas respostas válidas, "A" e "C".

- Motivación do acordo:
Con relación á pregunta nº 1, esta pregunta ten a seguinte redacción:

> *"Se a solicitude de iniciación dun procedemento non reúne os requisitos que sinala a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, requirirase ao interesado para que:*
> *a) Nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición.*
> *b) Nun prazo de 10 días naturais, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición.*
> *c) Nun prazo de 10 días hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición.*
> *d) Nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desestimada da súa petición.*

O tribunal considerou correcta a opción de resposta "A", "nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición". A resposta a esta pregunta nº 1 está directamente vinculada ao artigo 30.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, que regula o computo de prazos no procedemento administrativo. O apartado 2º do artigo 30 establece que "siempre que por Ley o en el Derecho de la Unión

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58
Documento asinado

Europea no se exprese otro cómputo, cuando los plazos se señalen por días, se entiende que éstos son **hábiles, excluyéndose del cómputo los sábados, los domingos y los declarados festivos.** Cuando los plazos se hayan señalado por días naturales por declararlo así una ley o por el Derecho de la Unión Europea, se hará constar esta circunstancia en las correspondientes notificaciones."

Visto o disposto no artigo 30.2 da Lei 39/2015, a opción B" no é válida xa que fala de 10 días naturais, a opción "C" tampouco é válida xa que non exclúe do cómputo os sábados, e a opción "D" tampouco é válida, xa que contempla como consecuencia a desestimación da petición cando o correcto, segundo o artigo 68.1, é o desestimento. En consecuencia, tan só existe unha resposta correcta sendo esta a "A".

- ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN:

Desestimar a reclamación presentada por POSE DOMÍNGUEZ, DAVID MANUEL (DNI 332***73D), ID 104162, Doc. Nº 25036019, data presentación reclamación 24/12/2025.

---

As puntuación do 1º exercicio, tipo test, quedarían definitivamente do seguinte xeito:

| ID | Ben | Mal | NC | Nota |
|---|---|---|---|---|
| 103038 | 31 | 13 | 6 | **4,9** |
| 103151 | 30 | 16 | 4 | **4,4** |
| 103264 | 25 | 15 | 10 | **3,5** |
| 103377 | 25 | 19 | 6 | **3,1** |
| 103490 | 39 | 6 | 5 | 7,2 |
| 103503 | 33 | 6 | 11 | 6,0 |
| 103616 | 30 | 11 | 9 | **4,9** |
| 103729 | 32 | 7 | 11 | 5,7 |
| 103842 | 24 | 11 | 15 | **3,7** |
| 103955 | 32 | 7 | 11 | 5,7 |
| 104049 | 27 | 4 | 19 | 5,0 |
| 104162 | 38 | 11 | 1 | 6,5 |
| 104275 | 32 | 12 | 6 | 5,2 |
| 104388 | 16 | 15 | 19 | **1,7** |
| 104401 | 40 | 2 | 8 | 7,8 |
| 104514 | 37 | 9 | 4 | 6,5 |
| 104627 | 14 | 27 | 9 | **0,1** |
| 104740 | 30 | 9 | 11 | 5,1 |
| 104853 | 33 | 8 | 9 | 5,8 |
| 104966 | 27 | 10 | 13 | **4,4** |
| 105060 | 28 | 12 | 10 | **4,4** |
| 105173 | 19 | 13 | 18 | **2,5** |
| 105286 | 27 | 13 | 10 | **4,1** |

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58

Documento asinado

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 105399 | 30 | 15 | 5 | **4,5** |
| 105412 | 31 | 9 | 10 | 5,3 |
| 105525 | 29 | 9 | 12 | **4,9** |
| 105638 | 29 | 9 | 12 | **4,9** |

ARES CARRERA, IVÁN (DNI 361***89K): ID 103038
ARIAS OSORIO, JOSE DAVID (DNI 531***81H): ID 105286
AROSA CARBALLA, RODRIGO (DNI 538***59S): ID 105412
COMESAÑA LAGO, BORJA (DNI 531***18Q): ID 105638
COMESAÑA MARTÍNEZ, BRAIS (DNI 531***49H): ID 103151
CONDE MARTÍNEZ, BORJA (DNI 543***86M): ID 105173
CORBACHO RODRÍGUEZ, ADRIÁN (DNI 531***63T): ID 105399
ESCANEO MACIÑEIRAS, LUCAS (DNI 524***37Q): ID 105525
FERNÁNDEZ QUIROGA, JAVIER (DNI 767***49V): ID 103264
FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, OSCAR A. (DNI 335***46J): ID 104966
GARCÍA ALONSO, ÁLVARO (DNI 531***67T): ID 104740
GÓMEZ ALONSO, JORGE (DNI 355***52E): ID 104514
GONZÁLEZ POSADA, JUAN D. (DNI 531***55E): ID 105060
LAGO BARCIELA, DIEGO (DNI 770***77D): ID 104853
LAMELA UBEIRA, LEANDRO (DNI 531***48R): ID 104627
LEIROS RIOS, SAID (DNI 536***72D): ID 104275
LÓPEZ VÁZQUEZ, CHRISTIAN (DNI 335***41S): ID 104388
MARCOS LORENZO, DIEGO (DNI 531***46V): ID 104401
MARTÍNEZ RIVERA, JUÁN P. (DNI 531***03Y): ID 103377
PÉREZ MARTÍNEZ, HUGO (DNI 531***65E): ID 103955
POSE DOMÍNGUEZ, DAVID M. (DNI 332***73D): ID 104162
PRESA PRESA, SANTIAGO (DNI 348***00Q): ID 104049
RODRÍGUEZ BAPTISTA, DANIEL (DNI 355***89P): ID 103729
RODRÍGUEZ LOURIDO, PABLO (DNI 394***09C): ID 103842
ROSENDE SAEZ, MARCOS( DNI 440***15D): ID 103490
SOLIÑO GÁNDARA, RAFAEL (DNI 394***30Q): ID 103503
TAIBO CASTRO, MARIO (DNI 448***80X): ID 103616

E sen máis asuntos que tratar finaliza a sesión sendo as 12:30 horas, levantándose acta do actuado, da que da fe a Sra. Secretaria, co Vº e prace do Sra. Presidenta.

A Secretaria — A Presidenta

Rosa Ana Garcinuño Barreiro
(data segundo sinatura dixital)

Cristina Tapias Bouso
(data segundo sinatura dixital)

A SECRETARIA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN
XEFA DO SERVIZO DE SEGURIDADE

Asdo: Rosa Ana Garcinuño Barreiro
(Data segundo sinatura dixital que consta ao marxe)

ASINADO POR: XEFA SEGURIDADE - ( ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO ) 26/01/2026 14:12:08 | ENXEÑEIRA INDUSTRIAL - ( CRISTINA TAPIAS BOUSO ) 27/01/2026 08:39:58
Documento asinado